

**Pablo Díaz lidera a candidatura socialista en Abadín co obxectivo de defender e crear emprego no municipio**

**Os socialistas de Abadín pretenden gobernar “para exercer máis presión ante Xunta do Sr. Feijoo e que proceda á creación da figura do mediador en defensa dos produtores de leite fronte as industrias leiteiras”**

**Os membros da lista do PSOE, renovada en máis dun 50%, aspiran “a poñer freo ao galopante despoboamento que se está a producir no municipio”**

**ABADÍN, 29 DE ABRIL DE 2015.-** A agrupación socialista de Abadín elixiu a Pablo Díaz López para liderar a candidatura que concorrerá aos comicios municipais do vindeiro 24 de maio. Díaz López encabeza así, o proxecto socialista para este concello, que ten como pilar fundamental a defensa e creación de emprego, “tan necesarios nos tempos que corren”.

Neste senso, os socialistas de Abadín pretenden gobernar “para exercer máis presión ante Xunta do Sr. Feijoo e que proceda á creación da figura do mediador en defensa dos produtores de leite fronte as industrias leiteiras”. “Pretendemos por outra banda, potenciar a actividade empresarial no concello e promover a concentración parcelaria nas parroquias”, explica o alcaldable. Con todas estas actuacións, os socialistas aspiran “a poñer freo ao galopante despoboamento que se está a producir”.

A candidatura do PSOE, que se renova en máis dun 50%, preséntase como a oportunidade de futuro de Abadín, “como a alternativa para que a xente teña outra opción a elixir”, indican.

A lista completa dos socialistas de Abadín está composta polos seguintes integrantes:

- 1- Pablo Díaz López
- 2- Alberto Rodríguez Folgueira
- 3- Miguel Ángel Martínez Neira
- 4- Guillermo Hermida Otero
- 5- Ángel Carballeira Díaz
- 6- Edmundo Freire Castro
- 7- José Valle Debasa
- 8- Constantino Pérez Álvarez
- 9- José María Lis Otero
- 10- Jesús García Valle
- 11- José Luís Souto Lanzós

Suplentes:

- 1- Ascensión Balseiro Cruz
- 2- José María Fanego Sierra